

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Decreto 34/2009, do 5 de febreiro, polo que se prorroga o período de vixencia do Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008.

O 13 de febreiro de 2006 publicouse o Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008.

No seu artigo 2 establécese que este decreto será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia durante o período que comprende desde a súa entrada en vigor ata o día 31 de decembro de 2008.

O día 24 de decembro de 2008 publicouse o Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012, con entrada en vigor ao día seguinte, que derroga o Real decreto 801/2005, sen prexuízo do previsto nas disposicións transitorias e dos efectos das situacións creadas ao abeiro delas.

Na súa disposición transitoria primeira, de medidas para facer fronte á conxuntura económica do sector, establécese un período transitorio no que se prevé a concesión de préstamos e axudas financeiras para actuacións cualificadas, visadas ou con dereito a subvencións recoñecido polas comunidades autónomas de conformidade coa normativa do Plan estatal de vivenda 2005-2008.

Por esta razón, co fin de poder executar o disposto nas disposicións transitorias e atender situacións creadas ao abeiro do Real decreto 801/2005, cómpre prorrogar o ámbito de vixencia do Decreto 18/2006, do 26 de febreiro, ata a data de entrada en vigor da normativa autonómica que regule a xestión das axudas previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Vivenda e Solo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa xuntanza do día cinco de febreiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Prorrógase o período de vixencia do Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008 no seguinte sentido:

-Desde o día 1 de xaneiro de 2009 e ata a entrada en vigor da normativa autonómica que regule a xestión das axudas previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012, polo que respecta ás axudas financiadas con cargo á Comunidade Autónoma de Galicia.

-Desde o día 25 de decembro de 2008 e cos límites temporais que resultan das disposicións transitorias do Real decreto 2066/2008, polo que respecta ás actuacións que nesas disposicións se permiten e, así mesmo, para os efectos das situacións creadas ao abeiro do Real decreto 801/2005.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, cinco de febreiro de dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 4 de febreiro de 2009 pola que se fixan as tarifas e os prezos correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuventís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, durante o ano 2009.

Dando cumprimento ao disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, procede actualizar os prezos dos servizos prestados nos campamentos, albergues, residencias e demais instalacións xuventís dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ata agora fixados pola Orde do 10 de xaneiro de 2008 (DOG nº 18, do 25 de xaneiro), así como establecer os prezos dos diferentes carnés dirixidos á xuventude que se expiden a través dos servizos de xuventude, casas da xuventude, oficinas TIVE e outras entidades colaboradoras.

A Lei 6/2003 dispón no seu artigo 51 que a contía destes acordarase por orde da consellería correspon-

dente, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda. Por todo iso,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. Os prezos exixibles pola prestación de servizos e actividades en campamentos, albergues, residencias e demais instalacións de xuventude, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, son os que se fixan no anexo I desta orde.

2. Os prezos relativos á expedición do Carné Xove, carnés de alberguista nas súas diferentes modalidades e carnés TIVE recóllense no anexo II.

3. Estes prezos enténdense, se é o caso, co IVE incluído. A xestión destes prezos privados farase de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 6/2003, do 9 de decembro.

Artigo 2º

1. Os prezos recollidos no anexo I desta orde serán expostos nos taboleiros de anuncios de cada centro en función do tipo de instalación e do uso ou non da enerxía eléctrica.

2. Os grupos que usen unha instalación xuvenil terán preferencia para o uso de todas as súas dependencias. Non aboarán suplemento polo uso das pistas polideportivas descubertas, pero terán a obriga de aboar as tarifas establecidas no anexo I desta orde pola utilización dos polideportivos cubertos ou calquera material dos que alí figuran.

3. Calquera material, incluído nesta orde, que sexa usado polos grupos devolverase no mesmo estado en que lles foi cedido e reporase ao mesmo lugar en que se atopaba. Así mesmo, serán responsables tanto das deterioracións que se causen no material como da responsabilidade civil en que puidesen incorrer por posibles danos a terceiros.

Para o emprego do material, que pola súa especificidade así o exixa, os grupos deberán contar con persoal especializado e coas titulacións necesarias para a súa utilización.

Os grupos deberán presentar no momento en que vaian facer uso do material que pola súa especialidade así o requira, tanto o seguro que cubra a realización da actividade coma a acreditación das titulacións referidas no parágrafo anterior.

Artigo 3º

Os membros de familia que teñan o título de familia numerosa terán un desconto do 50% sobre os prezos relativos ás actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade no programa Campaña de Verán.

Para estes efectos, o beneficiario do desconto deberá presentar, xunto coa documentación que pro-

ceda en cada caso, unha fotocopia compulsada do título de familia numerosa onde figure.

Artigo 4º

Os usuarios do Carné Xove gozarán en todas as actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, dun desconto como mínimo do 10% e como máximo do 50%. A porcentaxe de desconto aplicable en cada caso especificarase no folleto informativo de cada un dos programas e actividades que se leven a cabo.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Orde do 10 de xaneiro de 2008 pola que se fixan as tarifas e os prezos correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís, expedición de carnés dirixidos á xuventude e participación en actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude, durante o ano 2008.

Malia o disposto no punto anterior, segue vixente o prezo do servizo (por praza e mes) nas residencias xuvenís para estudantes contido na alínea C da Orde do 10 de xaneiro de 2008, durante o curso 2008/2009.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Solidariedade para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2009.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

ANEXO I

Prezos relativos á utilización e os servizos prestados nos campamentos, albergues e residencias xuvenís titularidade da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar

A. Pola utilización dos campamentos e albergues xuvenís durante a campaña de verán, establécense os seguintes prezos por praza:

A.1. En réxime de oferta concertada (dirixida a grupos).

A.1.1. Campamentos:

Por quenda de quince días: 114 euros.

Por quenda de doce días: 92 euros.

Por día: 11 euros.

A.1.2. Albergues e residencias:

Por quincena: 153 euros.

Por día: 16,30 euros.

Estes prezos abranguen os seguintes servizos: o aloxamento, a alimentación en réxime de pensión completa, o uso das instalacións e material de con-

formidade co establecido no artigo 2º.2 e 2º.3, o consumo de auga, electricidade e combustible, agás o material de actividades específicas de animación.

Aqueles grupos que figuren inscritos no rexistro da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar como entidades prestadoras de servizos sociais, gozarán dun desconto do 50% sobre os prezos deste apartado.

A.2. En actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

A.2.1. Campamentos:

Actividades náuticas (por quenda de doce días): 168 euros.

Actividades ao aire libre/ambiente, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de doce días): 143 euros.

Actividades ao aire libre/ambiente, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de 8 días): 82 euros.

Actividades turístico-deportivas (por quenda de doce días): 168 euros.

A.2.2. Albergues:

Actividades náuticas (por quenda de doce días): 188 euros.

Actividades ao aire libre/ambiente, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de doce días): 180 euros.

Actividades ao aire libre/ambiente, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de 8 días): 92 euros.

Actividades turístico-deportivas (por quenda de doce días): 180 euros.

A.2.3. Campos de traballo:

Ámbito autonómico e nacional (por quenda): 72 euros.

Ámbito internacional (por quenda): 72 euros.

B. Por servizos nos albergues e residencias integrados na Rede Española de Albergues Xuvenís (REAJ), establécense os seguintes prezos por persoa:

Servizos	Ata 30 anos	Maiores de 30 anos
Pensión completa	16,50	21,50
Aloxamento	7,50	11
Almorzo	2,50	2,50
Xantar ou cea	6,70	6,70

Para facer uso destes servizos deberase posuír o carné de alberguista en calquera das súas modalidades.

C. Servizo nas residencias xuvenís para estudantes (por praza e mes), durante o curso 2009/2010, que abrangue do 15 de setembro de 2009 ao 30 de xuño do 2010.

Residentes internos: 263 euros.

D. Pola utilización das instalacións recreativo-deportivas.

D.1. Uso de pavillón polideportivo cuberto/hora:

-Sen enerxía eléctrica: 11 euros.

-Con enerxía eléctrica: 20 euros.

D.2. Uso de pistas polideportivas descubertas/hora:

-Sen enerxía eléctrica: 5 euros.

-Con enerxía eléctrica: 8 euros.

D.3. Uso de pistas de tenis/hora: 3,50 euros.

D.4. Uso de piscina non climatizada/hora: 2,50 euros.

D.5. Uso de material náutico. A gasolina será por conta do solicitante:

Un barco de vela media xornada: 6 euros.

Un barco de vela unha xornada: 11 euros.

Unha embarcación pneumática de motor media xornada: 11 euros.

Unha embarcación pneumática de motor unha xornada: 21 euros.

Unha canoa media xornada: 4 euros.

Unha canoa unha xornada: 7 euros.

D.6. Uso de bicicletas:

Unha bicicleta media xornada: 4 euros.

Unha bicicleta unha xornada: 7 euros.

D.7. Uso de rocódromo:

Uso do rocódromo media xornada (por grupo de 5 persoas): 3 euros.

Uso do rocódromo unha xornada (por grupo de 5 persoas): 6 euros.

E. Polo uso de locais:

Media xornada: 7 euros.

Unha xornada: 11 euros.

Media xornada é unha mañá ou unha tarde cun máximo de catro horas.

O réxime de pensión completa para grupos xa inclúe o uso das dependencias necesarias para o desenvolvemento do programa.

F. Pola utilización dos campamentos e albergues para actividades recreativas ao aire libre:

F.1. Acampadas (con tendas da entidade): 3 euros/día e persoa.

F.2. Actividades recreativo-culturais en albergues (convivencia):

15 euros/día/grupo de ata 50 usuarios.

22 euros/día/grupo de 51 a 100 usuarios.

37 euros/día/grupo de 101 a 200 usuarios.

71 euros/día/grupo de 201 a 300 usuarios.

ANEXO II

Prezos pola expedición dos diferentes carnés dirixidos á xuventude

Carné Xove: 6 euros.

Carné alberguista xove: 5 euros.

Carné alberguista adulto: 12 euros.

Carné alberguista grupo: 15 euros.

Carné alberguista familiar: 24 euros.

Carné alberguista para estranxeiros (completo): 21 euros.

Carné alberguista para estranxeiros (cupón): 3,50 euros.

Carné teacher (ITIC): 8 euros.

Carné internacional xove (IYTC): 6 euros.

Carné student (ISIC): 6 euros.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 12 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

No título VII da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social das persoas con discapacidade, establécese como finalidade primordial da política de emprego para os traballadores e as traballadoras con discapacidade, a súa integración no sistema ordinario de traballo ou, no seu defecto, a súa incorporación ao sistema produtivo mediante fórmulas especiais de traballo protexido, como son os centros especiais de emprego.

O artigo 42 da Lei 13/1982 define os centros especiais de emprego como aqueles cuxo obxectivo principal é realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado e tendo como finalidade asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores e as súas traballadoras con discapacidade, ao tempo que é un medio de integración do maior número de traballadores con discapacidade ao réxime de traballo normal.

Os servizos de axuste persoal e social, segundo o previsto no artigo 42.2º da Lei 13/1982, son os de rehabilitación, terapéuticos, de integración social, cultural e deportivos que procuren ás persoas traballadoras con discapacidade do centro especial de emprego unha maior rehabilitación persoal e unha mellor adaptación da súa relación social.

Os servizos de axuste persoal e social poden resultar un instrumento moi útil, sobre todo se orientan as súas funcións, sen descoidar os aspectos culturais,

físicos ou de rehabilitación, cara a un axuste laboral que permita facer fronte e superar as barreiras, os obstáculos ou as dificultades que as traballadoras e os traballadores con discapacidade teñen no proceso de incorporación plena a un posto de traballo, así como na permanencia e progresión neste, e en particular para traballadoras e traballadores con especiais dificultades para o acceso ao mercado ordinario de traballo, como son as persoas afectadas polas discapacidades máis graves.

O Real decreto 469/2006, do 21 de abril, regula as unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego (BOE nº 96, do 22 de abril). Esta norma regula os contidos esenciais do programa, como son a definición do concepto das unidades de apoio á actividade profesional, as funcións que deben desenvolver e a súa composición, as persoas destinatarias finais do programa e o tipo e a contía das subvencións, posibilitalles ás comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos de xestión, o seu desenvolvemento posterior mediante a regulación dos aspectos do procedemento e da adecuación ás súas peculiaridades organizativas.

De conformidade co Decreto 168/1984, do 15 de novembro, de asunción de funcións e servizos, correspóndelle á comunidade autónoma a xestión de calquera tipo de axudas, subvencións e préstamos que realizaba a Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo. Así mesmo, mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego (Inem) no ámbito do traballo, o emprego e a formación. Segundo o disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, correspóndelle a esta o exercicio das anteriores competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Consonte o anterior, correspóndelle a esta consellería a regulación específica, a convocatoria, a xestión e o control das subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, segundo a disposición adicional terceira do Real decreto 469/2006, do 21 de abril, polo que se regulan as unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego.

Dadas as características e tipoloxía dos centros especiais de emprego na Comunidade Autónoma de Galicia, nesta orde duplícanse as contías das subvencións establecidas na normativa estatal, coa finalidade de favorecer a constitución de unidades de apoio á actividade profesional naqueles centros que contén con persoas con discapacidade grave no seu cadro de persoal, facendo un tratamento especial aos centros especiais de emprego de pequena dimensión